



## ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **sábado día 30 de Setembro de 2023** vía telemática para trataren a seguinte

### ORDE DO DÍA

1. FEPyC.
2. Indemnización por desprazamento.
3. Calendario 2024.
4. Rexistro entidades deportivas.
5. Autorización a competicións.
6. Rogos e Preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 12:00 horas do día sinalado no encabezamento.

#### 1.- FEPyC.

O Presidente informa aos presentes sobre as derradeiras novidades relacionadas coa FEPyC.

#### 2.- Indemnización por desprazamento.

O Presidente informa aos presente sobre a Orde HFP/793/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servicio.

Artigo 1. Revisión do importe da indemnización.

Actualízase o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, que queda fixado en 0,26 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóviles e en 0,106 euros por quilómetro percorrido polo uso de motocicletas.

Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade e pendente de ser levada a debate en Asemblea Xeral.

#### 3.- Calendario 2024.

O Presidente informa sobre a coincidencia na data do calendario provisional 2024 do Selectivo Salmónidos Mosca co Campionato do Mundo en Francia polo que queda pendente de revisión e busca de data alternativa para a súa modificación no calendario provisional 2024.

**D. Manuel Mouzo Méndez**

*Presidente*

**D. Manuel Rodríguez Meira**

*Vicepresidente Primeiro*

**D. Gabriel Fernández Vázquez**

*Vicepresidente Segundo*

**D. Jose Ramón Castro Varela**

*Delegado A Coruña*

**D. Antonio Cortés Araujo**

*Delegado Ourense*

**D. Víctor M. Ferreiro Fariña**

*Delegado Pontevedra*

*Pte. Comité Spinning Mar Costa*

**D. Ramón Souto Pérez**

*Tesoureiro*

*Subdelegado A Coruña*

*Pte. Comité Mar Rocha e*

*Embarcación fondeada*

**D. Manuel Campos Cruz**

*Subdelegado Pontevedra*

*Pte. Comité Mar Costa*

**D. Juan Ramiro Agra Requeijo**

*Pte. Comité Salmónidos*

**D. Pablo de Andrés Vales**

*Pte. Comité Auga Doce*

**D. Juan Manuel Castro Fuentes**

*Secretario*



#### **4.- Rexistro entidades deportivas.**

O Presidente informa que, de acordo coa Lei do Deporte de Galicia, os Clubs, Sociedades e Asociacións que non estean dados de alta no rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia, non poden formar parte do Estamento da FGPeC.

#### **5.- Autorización a competicións.**

O Regulamento de Disciplina Deportiva da Federación Galega de Pesca e Casting, art. 44 Infraccións comúns moi graves, contempla como falta moi grave;

q) A participación de clubs e deportistas federados en competicións non autorizadas pola FGPeC, cando estas se desenvolvan dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.

Tras debate entre os presentes e quedando aprobado por unanimidade, a FGPeC só vai autorizar as competicións de Salmónidos que se desenvolvan exclusivamente na modalidade de pesca sen morte.

Os deportistas federados que participen en competicións de salmónidos non autorizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, sufrirán a perda ou descenso de tódalas categorías.

#### **5.- Rogos e preguntas.**

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 12:35h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:  
Manuel Mouzo Méndez  
Presidente